

Expediente: 2024/1270M
Destinatario: ALVARO VILA ARAUJO
Dirección: LG RECTORAL A, 4
32690 TABOADELA
OURENSE
Núm. notificación: DP/00000004/0002/000079719

NOTIFICACIÓN

ASUNTO: Resposta á pregunta formulada por dona Elvira Lama Fernández, deputada do Grupo Provincial do PSOE en relación co Museo Galego do Entroido de Xinzo de Limia.

Primeira cuestión: Como ben di, o MUGAE leva xa uns anos funcionando a través dun convenio de colaboración asinado entre o Concello de Xinzo de Limia e a Deputación de Ourense. Por vía deste convenio, a Deputación está destinando anualmente recursos económicos para posibilitar que o MUGAE teña abertas as súas portas ao público e poida desenvolver a súa actividade. Os recursos que destina a Deputación vehiculízanse a través dun contrato de limpeza, mantemento e apertura do museo e, ata o de agora, grazas a esa aportación da Deputación, o MUGAE pode desenvolver a súa actividade.

Neste contexto, dende a Deputación, somos conscientes de que todo pode mellorarse e tamén entendemos que é bo recoñecer o traballo e o esforzo que se leva feito con esta infraestrutura cultural.

Nese senso, e pensando sempre en mellorar, estamos mantendo contactos para intentar implicar a outras administracións na xestión do MUGAE, cuestión esta que, ao noso entender, permitirá mellorar a xestión e o servizo que este museo presta á cidadanía non só da Limia, se non de toda Galicia, non en van, estamos a falar do MUSEO GALEGO DO ENTROIDO.

En definitiva, a nosa intención é intentar camiñar cara un modelo de xestión do museo máis ambicioso no que se impliquen tamén outras administracións pero, en todo caso, en tanto esto non se formalice, a Deputación seguirá garantindo a apertura ao público do MUGAE, tal e como leva feito nos últimos anos.

Ourense, na data da sinatura electrónica deste documento.

Asinado electrónicamente por LUIS
MENOR PEREZ
O Presidente
29/01/2024 - 10:43:39